

# **REGULAMENTO DA XUNTA DE FACULTADE DE DEREITO**

(Aprobado na Xunta de Facultade de 27 de xuño de 1986)

## **TITULO I. - DA XUNTA DE FACULTADE**

### ***CAPITULO I . Normas Xerais de Organización da Xunta***

#### **Artigo 1**

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do Centro, e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

#### **Artigo 2**

1. As decisións da Xunta adoptarán a forma de Acordos en materias da súa competencia e de recomendacións cando actúe con funcións meramente consultivas.
2. Os Acordos da Xunta de Facultade serán susceptíbeis de recurso nos termos establecidos no artigo 49<sup>1</sup> dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
3. As recomendacións da Xunta de Facultade non vinculan a actuación do Decano no exercicio das súas competencias.
4. A Xunta de Facultade actúa en Pleno ou en Comisión Permanente, sen prexuízo das Comisións Asesoras da Xunta, as que se refire o Título Terceiro deste Regulamento, e nas que a Xunta non poderá delegar facultades decisorias.

#### **Artigo 3**

1. O Secretario da Xunta, que será o Secretario da Facultade, levantará acta de tódalas sesións. Caso de que non puidera asistir o Secretario da Facultade, o Decano designará a quen faga as súas veces.
2. En cada acta han figurar inescusablemente as seguintes mencións:
  - a) Membros da Xunta de Facultade, nominalmente designados, que asistiron á sesión, salientando as ausencias xustificadas;
  - b) Orde do día;
  - c) Acordos e recomendacións, especificando se foron adoptados por asentimento ou votación e, no seu caso, se o foron por maioría ou unanimidade facéndose constar o número exacto de votos emitidos, o sentido de cada un deles e as abstencións.
3. Na Acta téñense que incluí-los textos literais dos acordos e un resumo dos debates coas diferentes posicións, así coma calquera mención que os membros da Xunta, individual ou colectivamente desexen que figure expresamente.

---

<sup>1</sup> Artigo 74 dos actuais Estatutos da USCde 2004.

4. Cada Acta será asinada polo Secretario, ou quen fixera as súas veces, co visto e praxe do Decano ou do Presidente efectivo da sesión que se reflecta.
5. As actas aprobaranse na sesión seguinte da Xunta de Facultade que teña a mesma natureza que a que se reflecta na acta, coas modificacións que proboñan previamente por escrito os membros da Xunta, que sexan aprobadas pola Xunta, e reflicten máis axeitadamente o desenvolvemento da sesión. Non será precisa notificación por escrito previa para modificacións de erros ou lagoas puramente materiais.

#### **Artigo 4**

1. Na Facultade levarase un Libro de Actas no que se transcribirán as minutas de cada sesión unha vez aprobadas.
2. O Libro de Actas estará baixo a custodia do Secretario da Facultade, que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Facultade.
3. Só terán fe dos acordos e recomendacións da Xunta as certificacións expedidas de orden do Sr. Decano, polo Secretario da Xunta. As certificacións poderanse expedir:
  - a) De oficio, por requirimento de órganos das Administracións Públicas, incluída a propia Universidade de Santiago, ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
  - b) A instancia dos membros da Xunta de Facultade.
  - c) A instancia de calquera interesado.

Nestes dous últimos casos o contido das certificacións versará só sobre a parte decisoria dos acordos ou recomendacións, salvo decisión do Decanato debidamente motivada.

Non se permitirá a introdución na Sala onde se celebren as sesións de ningún aparato de ningunha caste de reprodución ou gravación, agás que a Mesa así o autorice expresamente en circunstancias excepcionais.

#### **Artigo 5**

1. E competencia do Decano a execución dos acordos da Xunta de Facultade e de tódolos asuntos de goberno e administración que non estean atribuídos expresamente á Xunta de Facultade ou a outros órganos, en concordancia co disposto nos artigos 42 e 78.2<sup>2</sup> dos Estatutos da Universidade.
2. A notificación administrativa de calquera asunto que houbera sido sometido á Xunta, terá que comprender o acordo literal adoptado por esta.
3. Ademais do disposto no párrafo precedente, o Secretario da Facultade deberá notificar os acordos tomados na Xunta ós membros da Facultade ou dos Departamentos a ela adscritos e que atinxan directamente. Se foran acordos relativos ós estudantes en xeral publicaranse no Taboleiro de Anuncios de Alumnos.

---

<sup>2</sup> Art. 103.2 dos Estatutos de 2004.

## Sección 1ª: Do Pleno

### Artigo 6

1. O Pleno da Xunta de Facultade está composto por:
  - a) O Decano
  - b) O Vicedecano, ou Vicedecanos, e o Secretario da Facultade.
  - c) ~~Tódolos profesores que exerzan docencia no Centro. Os profesores visitantes asistirán con voz pero sen voto.~~
  - d) ~~Una representación dos Axudantes nunha proporción do dez por cento de tódolos membros da Xunta.<sup>3</sup>~~
  - e) Unha representación dos estudantes nunha proporción do trinta por cento de tódolos membros da Xunta, correspondendo necesariamente unha sexta parte ós estudantes do Terceiro Ciclo.
  - f) Unha representación do persoal de Administración e Servizos nunha proporción do ~~oite~~<sup>4</sup> por cento do total dos membros da Xunta
2. Tódolos representantes desempeñarán o seu posto por un período de dous anos<sup>5</sup>, agás os estudantes cuxo período de representación dura un ano. Se algún dos representantes renunciara ó seu posto durante o período do seu mandato, o seu posto será ocupado até o final do período, polo seu suplente que será sucesivamente o que obtivera máis votos nas eleccións correspondentes sen chegar a acadar representación.

### Artigo 7

O Pleno da Xunta de Facultade reunirse cando sexa convocado nos termos que sinala o Capítulo 3º do Título I deste Regulamento. En todo caso, terá que reunirse en sesión ordinaria a lo menos unha vez ó trimestre.

### Artigo 8

1. Son Competencias do Pleno da Xunta de Facultade as seguintes:
- 

<sup>3</sup> De acordo co artigo 98 e a D.T. 6ª dos Estatutos da USC de 2004, a representación do profesorado é a seguinte:

d) O seguinte persoal docente e investigador en formación e perfeccionamento con docencia no centro e censados nel, ou non censado, que teña neste un encargo docente igual ou superior a 9 créditos:

\* Todo o persoal funcionario docente, que representará o 51%.

\* O resto, sempre que non exceda do 14% do total da xunta.

<sup>4</sup> De acordo co artigo 98 dos Estatutos de 2004, a representación do PAS é do 5 % con un mínimo de dous.

<sup>5</sup> .- A limitación do período de dous anos refírese unicamente ós representantes electos.

- a) Elixir ou revogar ó Decano segundo o procedemento regulamentado no Título II deste Regulamento.
- b) Elaborar e aproba-lo seu Regulamento e as súas reformas.
- c) Elaborar e aproba-lo Regulamento de réxime interno do Centro e as súas reformas.
- d) Aproba-las liñas xerais da política académica do Centro.
- e) Supervisa-la xestión dos distintos órganos de goberno do Centro.
- f) Aproba-los proxectos de programas de estudos nos distintos ciclos, segundo o disposto nos artigos 166 e 167 dos Estatutos da Universidade, así como determina-lo procedemento requirido para o acceso ó Título de Licenciado con Grao, segundo o artigo 171 dos Estatutos.
- g) Crear cantas Comisións Asesoras, sen competencias executivas, estime oportunas, ademais das previstas no Título III deste Regulamento.
- ~~h) Toma-la iniciativa para a creación, supresión ou adscripción de Departamentos, Institutos Universitarios, Seccións e Escolas de Especialización Profesional, de acordo co disposto nos artigos 13.1, 19.2, 25.2 e 34.2 dos Estatutos da Universidade.<sup>6</sup>~~
- i) Elevar á Xunta de Goberno propostas sobre a capacidade do Centro.
- j) Emitir informe sobre a proposta de concesión do Grao de Doutor "Honoris Causa" feita por un Departamento
- k) Pronunciarse sobre todos aqueles asuntos que lle sexan sometidos polo Decano ou a Comisión Permanente.
- l) Xestionar e organiza-los servizos docentes que lle correspondan total ou parcialmente; coordinar e supervisar a actividade docente dos distintos Departamentos no que se refire ó Centro; e, no seu caso, organizar, supervisar e coordina-la actividade académica das Seccións correspondentes ós Colexios Universitarios, segundo o disposto nos artigos 24.1, letras b) e e), e 24.2 dos Estatutos da Universidade.<sup>7</sup>
- m) l) Concede-la dispensa da asistencia ás clases teóricas, con carácter singular e para casos específicos, previa petición xustificada documentalmente, segundo artigo 155.3 dos Estatutos da Universidade.<sup>8</sup>
- n) m) Recibir do Decano a información sobre as memorias dos distintos Departamentos e aproba-la Memoria-Resumo a que se refire o artigo 117.4 dos Estatutos da Universidade.<sup>9</sup>

---

<sup>6</sup> Os Estatutos da USC 2004 non atribúen esta iniciativa ós Centros.

<sup>7</sup> Os Estatutos da USC 2004 non contemplan a existencia de Colexios Universitarios.

<sup>8</sup> Os Estatutos da USC 2004 non contemplan expresamente a dispensa de asistencia a clases teóricas.

<sup>9</sup> Os Estatutos da USC 2004 atribúen ás Facultades simplemente o coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no Centro.

- o) n) Pronunciarse e decidir sobre tódolos asuntos que nos Estatutos da Universidade ou en calquera outra norma sexan encomendados expresamente ó Pleno da Xunta de Facultade.
2. O Pleno poderá delega-las súas competencias na Comisión Permanente, agás as que se mencionan nas letras a), b), c), d) e e) deste artigo. O acordo de delegación requirirá o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta.
  3. A Delegación entenderase por termo indefinido, agás que o acordo de delegación dispoña outra cousa ou a temporalidade de mesma se derive da propia natureza da delegación.
  4. O Pleno poderá revogar en calquera momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas sen máis requisitos que os requiridos para outorgala.

## **Sección 2ª: Da Comisión Permanente**

### **Artigo 9**

1. A Comisión Permanente da Xunta de Facultade, de acordo co disposto no artigo 72.2<sup>10</sup> dos Estatutos da Universidade estará composta por:
  - a) O Decano
  - b) Os Vicedecanos
  - c) O Secretario da Facultade
  - d) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta en número de vinte, distribuídos do seguinte xeito:
    - 10 Catedráticos e Profesores Titulares, dos cales dous a lo menos serán Directores de Departamento;
    - 2 Axudantes e Bolseiros<sup>11</sup>;
    - 6 Estudantes, dos cales un necesariamente terá que ser do Terceiro Ciclo;
    - 2 representantes do Persoal de Administración e Servizos.
2. Os membros da Comisión Permanente teñen que ser membros do Pleno. A elección para ocupa-los postos da Comisión Permanente realizarase polos membros de cada sector no seo da Xunta de Facultade. No sector de Profesorado, cada elector só poderá votar sete nomes dos cales un a lo menos será o Director dun Departamento; no de Axudantes e Bolseiros, e máis no de Persoal de Administración e Servizos un nome, e no de Estudantes tres nomes.
3. Os membros natos da Xunta que sexan elixidos Membros da Comisión Permanente o serán por un período de dous anos, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte

---

<sup>10</sup> A posibilidade de crear unha Comisión Permanente recollese no artigo 99.2 dos Estatutos da USC 2004.

<sup>11</sup> En consonancia coa composición actual do Pleno, estes dous representantes corresponden ó PDI non funcionario.

## Artigo 10

Os membros da Comisión Permanente cesarán no mesmo momento en que perdan a súa condición de membros do Pleno, ou cesen no cargo académico cuxa titularidade implica a condición de membro da Comisión Permanente. Se algún membro dimite do seu posto na Comisión Permanente a petición propia, procederase á elección dentro do sector correspondente no máis breve prazo posible.

## Artigo 11

A Comisión Permanente será competente para:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle foran delegados polo pleno<sup>12</sup>.
- c) Coñecer e decidir sobre os asuntos que lle sexan presentados polas Comisións Asesoras, e elevalos, no seu caso, ó Pleno.
- d) Asesorar en todas aquelas cuestións que o Decano lle someta no exercicio das súas competencias e decidir, no seu caso, sobre as que aquel lle delegara expresamente.
- e) Coñecer e decidir sobre calquera asunto que sexa competencia da Xunta de Facultade e non estea reservado expresamente ó Pleno.

## Artigo 12

1. Das reunións da Comisión Permanente levantarase un acta sucinta polo Secretario da Facultade na que, ademais dos extremos citados no artigo 3.2 do presente Regulamento, recolleranse cando se solicite as opinións contrarias ó acordo adoptado.
2. O Decano da Facultade informará ó Pleno, na primeira sesión que este celebre con posterioridade á última celebrada pola Comisión Permanente de tódalas actuacións da Comisión, agás as decisións adoptadas en asuntos de trámite, das que informará o Secretario.

## Artigo 13

A Comisión Permanente reunirase cando sexa convocada nos termos que sinala o Capítulo 3º do Título I deste Regulamento. En todo caso, terá que se reunir en sesión ordinaria a lo menos unha vez ó mes.

---

<sup>12</sup> .- Por acordo do 29 de xuño de 1995 delegouse na Comisión Permanente a aprobación dos horarios e calendario de exames.  
Por acordo do 12 de Xaneiro de 2004 delegouse na Comisión Permanente o informe da actividade docente dos profesorado ós efectos do recoñecemento de complementos por mérito docente (quinquenios).

### ***CAPITULO III Convocatoria, Constitución e Funcionamento da Xunta en Pleno e Comisión Permanente***

#### **Artigo 14**

1. A Convocatoria da Xunta de Facultade corresponde ó Decano ou ós Vicedecanos segundo orde de prelación establecido para suplencia do Decano<sup>13</sup>. Se fose imposible o concurso de calquera deles, poderá convoca-lo Director de Departamento de maior antigüidade na Universidade de Santiago.
2. Para que a convocatoria surta efecto deberase poñer en coñecemento de tódolos seus membros mediante notificación na que se fará consta-la orde do día, e asemade día, hora e lugar onde de reunión.
3. As notificacións deben ser entregadas a lo menos con corenta e oito horas de anticipación. A entrega efectuarase no lugar onde cadaquén desenvolva o seu traballo na Facultade, e no caso dos estudantes no local asignado para os seus representantes na propia Facultade.
4. A Xunta de Facultade tense que reunir nas dependencias da Facultade en días administrativamente hábiles e horas lectivas.
5. Non se aplicará o disposto nos párrafos 2, 3 e 4 anteriores se fose precisa unha constitución extraordinaria en casos de urxencia e gravidade<sup>14</sup>.

#### **Artigo 15**

A Xunta de Facultade reunirse cando sexa convocada polo Decano ou que faga as súas funcións, cumprindo en todo caso o que dí nos artigos 7º e 13º sobre prazos para sesións obrigatorias de Pleno ou de Comisión Permanente. O Decano tamén deberá convoca-la Xunta cando a convocatoria sexa solicitada a lo menos por un terzo dos seus membros. Neste caso, os solicitantes deberán indicar tamén o punto ou puntos que desexan sexan debatidos na sesión, xunto cos que inclúa o Decano.

#### **Artigo 16**

1. A orde do día será elaborada polo Decano, asistido polo Secretario e máis o equipo Decanal.
2. Na orde do día figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da sesión anterior, asuntos de trámite e rogos e preguntas, salvo que a Xunta se convoque con carácter extraordinario para debater un só tema, para a elección de Decano ou para o seu revogamento. Tamén se deberán incluír na orde do día os puntos que previamente solicitaren por escrito o 25% dos membros da Xunta.

---

<sup>13</sup> De acordo co artigo 105.2 dos Estatutos o Decano designará o Vicedecano que ten que sustituílo en caso de ausencia ou enfermidade.

<sup>14</sup> . Este apartado debe entenderse derogado por resultar contrario ó disposto na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## Artigo 17

Só teñen dereito de asistencia as Xuntas de Facultade os membros da mesma. Previo acordo da Mesa, o Decano ou quen desempeñe as súas funcións, poderá permitirla asistencia con voz e sen voto de persoas que non sexan da Xunta, pero que pertencen á Facultade. Nos mesmos termos poderase invitar con voz e sen voto a persoas pertencentes a Departamentos da Facultade pero que non exerzan docencia na mesma, así coma os Decanos ou Directores dos Centros onde ditas persoas desenrolen a súa actividade.<sup>15</sup>

## Artigo 18

A Xunta de Facultade constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros<sup>16</sup>, e en segunda convocatoria, que se celebrará ó día seguinte aínda que non se diga expresamente, cando asistan a lo menos os dous quintos dos seus membros. De non conseguir o quorum sinalado na segunda convocatoria, haberá que proceder a unha nova convocatoria da Xunta para un día posterior.

## Artigo 19

1. A Xunta de Facultade será presidida polo Decano ou quen faga as súas veces, asistido nunha Mesa integrada polos Vicedecanos e o Secretario.
2. A Mesa interpreta o presente regulamento en casos de dúbida ou omisión. Tamén decidirá sobre a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, o ordenamento dos debates, e calquera outra cuestión que se lle encomende no presente regulamento ou que o Decano lle consulte. As decisións adoptaranse por maioría, e no caso de empate o Decano decidirá co seu voto de calidade.<sup>17</sup>

## Artigo 20

1. O Decano dirixe e ordena o desenvolvemento dos debates. De acordo coa Mesa, fixará un tempo de debate para cada tema, e en función das peticións de palabra determinarase a duración de cada intervención.
2. Os membros da Xunta teñen dereito ó uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día.

---

<sup>15</sup> De acordo co artigo 98.3 dos Estatutos da USC 2004 "Tamén deberá ser convocado para a Xunta de Facultade ou escola, con voz, pero sen voto, todo o persoal docente e investigador que imparta docencia no centro e non sexa membro dela, sempre que o solicite".

<sup>16</sup> . De acordo co disposto na Lei 30/1992, a válida constitución require tamén a presenza do Decano (como presidente do órgano) e do Secretario.

<sup>17</sup> Dado que os Estatutos da USC atribúen tales competencias ó Decano, sen contemplar a existencia da Mesa, esta so pode ter funcións asesoras do Decano, podendo asistilo naquelas cuestións que este decida someterlle á súa consideración.

3. Ninguén poderá ser interrompido cando fale, senón para ser chamado ó orde ou a cingirse ó tema polo Decano.
4. As alusións só autorizarán para que o membro da Xunta a quen se refiren, a xuízo do Decano, poida contestar as manifestacións sobre a súa persoa ou feitos pronunciadas durante a discusión, pero no prazo de tempo concedido e sen entrar nunca no fondo da cuestión debatida.
5. En calquera estado da discusión poderá pedir un membro da Xunta a observancia de normas legais ou regulamentarias, citando os artigos cuxa aplicación se pida. Non caberá discusión nin debate con este motivo, debendo acatarse a resolución do Decano co acordo da Mesa.
6. Decorrido o prazo concedido para intervir, o Decano despois de invitar a concluír por dúas veces ó membro da Xunta que estea falando, retiralle o uso da palabra.
7. Nos supostos de excesiva duración do Pleno da Xunta, a xuízo da Mesa, o Decano poderá dispor a interrupción da Sesión, fixando a hora na que deba reanudarse dentro das 24 horas seguintes.

### **Artigo 21**

1. O Decano vela polo mantemento da disciplina e da cortesía académica.
2. Os membros da Xunta serán chamados ó orde polo Decano:
  - a) Cando nas súas intervencións incumpran o regulamento para a boa marcha das discusións;
  - b) Cando profiran palabras chocalleiras ou ofensivas para os membros da Xunta de Facultade, para terceiros ou para institucións;
  - c) Cando con interrupcións ou de calquera outro xeito, alteren o orde dos debates.

Despois de ser chamado ó orde por tres veces nunha sesión calquera membro da Xunta, o Decano, previo acordo da Mesa, poderá prohibirlle asistir ó resto da sesión. Se el se negar a cumprir o requirimento de abandono da sesión, o Decano poderá, co acordo da Mesa, suspender a sesión para reanudarla de seguido sen a presenza do sancionado.

3. Os membros da Xunta serán advertidos para se cingiren ó tema, cando notoriamente estiveran fóra del, ben por digresións estrañas ó punto debatido, ben por volver novamente sobre o que estivera discutido e aprobado. Despois de dúas chamadas á cuestión, o Decano poderá retirarlles o uso da palabra.

### **Artigo 22**

1. Os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta, salvo o disposto expresamente neste regulamento para determinados asuntos. Non poderán adoptarse acordos validamente se no momento da votación non estiveran presentes a lo menos os dous quintos dos membros da Xunta.
2. As votacións no Pleno poden ser por asentimento coa proposta do Decano e da Mesa, públicas e a man alzada, e secretas cando o solicitaren a lo menos cinco dos seus membros. Na Comisión Permanente serán secretas cando o solicite un dos seus membros. Serán secretas en todo caso cando afecten a persoas concretas.
3. Calquera membro da Xunta poderá presentar ante a mesma mocións de palabra ou por escrito, que serán debatidas en "rogos e preguntas", sempre que non se refiran a

puntos da orde do día. As mocións por escrito serán lidas polo Secretario, mesmo en ausencia do propoñente, sempre que este xustificara debidamente a súa inasistencia á Xunta.

### **Artigo 23**

Non se admite a delegación de voto nin en membros da Xunta nin en persoas alleas. Tampouco será admitido o voto anticipado, salvo no caso das votacións para a elección de Decano e para o seu revogamento.<sup>18</sup>

### **Artigo 24**

Serán nulos os acordos adoptados sobre asuntos que non figuren incluídos na orde do día, sen prexuízo do previsto no artigo 12.2<sup>19</sup> da Lei de Procedemento Administrativo.

## **TITULO II. DA ELECCIÓN E REVOGAMENTO DO DECANO<sup>20</sup>**

### ***CAPITULO I Da Elección do Decano***

#### **Artigo 25**

- 1. Transcorrido o prazo de campaña electoral nos termos sinalados pola Xunta de Goberno, o Decano en funcións convocará unha sesión extraordinaria do Pleno da Xunta de Facultade que teña coma único punto da orde do día a elección do Decano.*
2. Se o Decano en funcións fose candidato á reelección a sesión da Xunta presidirase por aquel Vicedecano no que non concorra dita circunstancia.

#### **Artigo 26**

1. Os Candidatos disporán dun tempo máximo de 15 minutos para expoñer, se o desexan, a súa proposta de liñas xerais de actuación; e responderán durante un prazo máximo de 45 minutos ás preguntas que os membros do Pleno lle formulen.
2. *Concluídos os debates, procederase á votación que será nominal e secreta por tódolos membros da Xunta. Ó final da emisión do sufraxio polos presentes, o Secretario da Facultade introducirá na urna os votos emitidos anticipadamente no caso dos membros da Xunta que xustificaran debidamente a súa ausencia, e que os*

---

<sup>18</sup> O Regulamento electoral xeral non admite o voto anticipado para a elección de Decano (art. 27)

<sup>19</sup> Artigo 26.3 da vixente Lei 3071992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

<sup>20</sup> A elección e revogamento do Decano regulase no Regulamento Electoral Xeral da Universidade (arts. 59-64), ademais das normas xerais que lle fosen de aplicación. Dada a aplicación do devandito Regulamento electoral xeral, non resultan de aplicación os artigos deste título que figuran en cursiva.

*entregaren previamente na Secretaría nun sobre no que figure a súa sinatura, e dentro do que se incluírá outro sobre cerrado co voto.*

- 3. Rematada a votación procederase ó escrutinio no mesmo acto, e será proclamado Decano electo o que obtivera a maioría absoluta.*

### **Artigo 27**

*Se ningún candidato obtivera a maioría absoluta, prolongarase a sesión da Xunta ata o día seguinte hábil, no que se procederá á segunda e definitiva votación. Resultará elixido o candidato que obteña o maior número de votos favorábeis. Se se producira empate entre dous ou máis candidatos, procederase a unha terceira votación nos mesmos termos que na anterior, nun prazo non inferior a sete días hábiles nin superior a dez. No caso de novo empate proclamarase Decano o candidato de maior antigüidade. O Decano en funcións elevará de contado a proposta ó Reitor para que se proceda ó correspondente nomeamento.*

## **CAPITULO II Do Revogamento do Decano**

### **Artigo 28**

1. O Decano poderá ser revogado mediante moción de censura.
2. A Moción de censura, para poder ser tramitada, deberá ir asinada por un terzo dos membros da Xunta, e incluí-lo nome do que se propoña coma novo Decano.
3. Se a moción de censura reunira os requisitos anteriores, o Decano ou quen faga as súas veces, terá que convocar unha Xunta extraordinaria con este único punto da orde do día nun prazo máximo de 15 días hábiles.

### **Artigo 29**

Tanto o candidato proposto coma o Decano disporán dun prazo máximo de 30 minutos para expoñer as súas posicións e liñas xerais de actuación. De seguido, abrirase un turno de preguntas por parte de membros da Xunta cun prazo de duración máximo de unha hora e media. Rematado o turno de preguntas e intervencións, procederase á votación nos mesmos termos que os sinalados polo artigo 26 deste Regulamento.

### **Artigo 30**

4. Se a moción de censura obtivera o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta, será proclamado Decano electo o que figuraba proposto na moción de censura. O antigo Decano actuará a partir deste momento coma Decano en funcións, e procederá a elevar de contado a proposta de nomeamento de novo Decano ó Reitor da Universidade.
5. Se a moción de censura non acadara os votos necesarios, considerarse refugada, e os asinantes da mesma non poderán presentar outra moción de censura co mesmo candidato durante o resto do mandato do Decano.

## **TITULO III. DAS COMISIÓNS ASESORAS**

### ***CAPITULO I Normas Xerais***

#### **Artigo 31**

1. Sen prexuízo das Comisións existentes no Centro e que non dependen directamente da Xunta, esta pode crear Comisións Asesoras para emitir informes, propostas ou recomendacións non vinculantes sobre determinados temas.
2. As Comisións asesoras poden ser específicas para un tema concreto ou estables para determinados asuntos.
3. As Comisións estables son a de Profesorado, a de Alumnado, a de Obras e Asuntos Económicos, e a de Docencia.

#### **Artigo 32**

1. Os membros das Comisións Asesoras teñen que ser membros da Xunta de Facultade, aínda que os seus Presidentes poden invitar a participar nelas, con voz pero sen voto, a outros membros da Facultade.
2. As reunións das Comisións Asesoras terán que se celebrar nos locais da Facultade en días hábiles e horas e tempo lectivo. Serán convocadas por escrito cunha antelación mínima de 24 horas, e en casos de urxencia apreciada polo seu Presidente, de forma verbal.

#### **Artigo 33**

As Comisións Asesoras constituiranse validamente cando concorran os dous terzos dos seus membros e adoptarán os seus informes, propostas e recomendacións por maioría simple, sendo preciso que no momento da votación exista o quórum sinalado.

#### **Artigo 34**

As Comisións Asesoras redactarán os seus informes, propostas e recomendacións nun Acta asinada por tódolos presentes que será elevada ó órgano que solicitou o Informe. Cando a iniciativa partira das propias Comisións Asesoras elevarán os seus informes, propostas e recomendacións á Comisión Permanente.

#### **Artigo 35**

Sen prexuízo do establecido no artigo 41 respecto da Comisión de Docencia, o Decano poderá convocar e asistir ás sesións das restantes Comisións Asesoras; neste caso será quen as presida.

## **CAPITULO II Das Comisi3ns Estabeis**

### **Artigo 36**

A Comisi3n de Profesorado estar3 integrada polo Vicedecano de Profesorado que ser3 o seu Presidente, o Secretario da Facultade que actuar3 coma Secretario, un Director de Departamento, un Catedr3tico, un Profesor Titular, un Profesor Asociado, Axudante ou Contratado<sup>21</sup>, un Bolseiro<sup>22</sup> e un Alumno.

### **Artigo 37**

A Comisi3n de Profesorado ser3 competente para pronunciarse sobre cantos asuntos lle sexan encomendados, e tomar iniciativas no 3mbito da s3a actuaci3n para seren elevadas 3 Comisi3n Permanente que resolver3 sobre elas, ou as elevar3 3 Pleno da Xunta de Facultade.

### **Artigo 38**

A Comisi3n de Alumnado estar3 integrada polo Vicedecano de Estudantes que a presidir3, dous profesores<sup>23</sup>, un alumno de Terceiro Ciclo, e catro alumnos de Primeiro e Segundo Ciclo, e un membro do Persoal de Administraci3n e Servizos.

### **Artigo 39**

A Comisi3n de Alumnado 3 competente para pronunciarse sobre cantos asuntos lle sexan encomendados, e tomar iniciativas no 3mbito da s3a actuaci3n para seren elevadas 3 Vicedecano de Estudantes, 3 Decano ou 3 Comisi3n Permanente, que resolver3 sobre elas, ou as elevar3 3 Pleno da Xunta.

En particular a Comisi3n de Alumnado ocuparase de solicitudes dos estudantes en materias de servizos, deportes, actividades culturais.

### **Artigo 40**

1. A Comisi3n de Obras e Asuntos Econ3micos estar3 integrada polo Vicedecano de Asuntos Econ3micos que a presidir3, o Xefe de Negociado de Asuntos Econ3micos

---

<sup>21</sup> Debe entenderse como un representante do sector de persoal docente e investigador non funcionario.

<sup>22</sup> Dado que non existe representaci3n de bolseiros na Xunta, ese posto debe corresponder a alumnos de Terceiro ciclo.

<sup>23</sup> Para que haxa representaci3n de todos os sectores da Xunta debe elixirse 1 representante de persoal docente e investigador funcionario e 1 representante de persoal docente e investigador non funcionario.

que será o seu Secretario, un Director de Departamento, tres Profesores<sup>24</sup>, un Bolseiro<sup>25</sup>, dous alumnos, e un membro do Persoal de Administración e Servizos

2. A Comisión de Obras e Asuntos Económicos é competente no ámbito da súa actividade e en particular para propor unha distribución do orzamento da Facultade, adquisición de móbeis e obras no edificio da Facultade.

#### **Artigo 41**

A Comisión de Docencia estará integrada pola reunión conxunta das Comisións de Profesorado e Alumnado. Será presidida polo Decano ou polo Vicedecano 1º de Profesorado, e actuará coma Secretario o Secretario da Facultade.

A Comisión de Docencia será competente nas materias que se lle asinan nos Estatutos da Universidade. En particular terá que informar sobre os Planos de Estudos, planificacións de exames, horarios e, en xeral, sobre o desenvolvemento da actividade docente.

#### **Artigo 42**

Os membros das Comisións Asesoras serán elixidos polos seus respectivos sectores na Xunta de Facultade.

### **TITULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO**

#### **Artigo 43**

A iniciativa para a reforma do Regulamento pode ser adoptada polo Decano, por dous Directores de Departamento previo acordo dos respectivos Consellos de Departamento, ou mediante proposta asinada polo 25% dos membros da Xunta.

#### **Artigo 44**

As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Recibida a proposta será sometida a votación para a súa toma en consideración no Pleno da Xunta. Se a proposta recibe os votos favorábeis do 40% dos membros da Xunta abrirase un prazo para a presentación de Emendas e a súa análise nunha Comisión específica designada pola Xunta e coa mesma representación que teñen os diversos sectores no Pleno da Xunta.

#### **Artigo 45**

Unha vez aprobado o texto pola correspondente Comisión, será elevado ó Pleno. Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto da maioría absoluta

---

<sup>24</sup> Para que haxa representación de todos os sectores da Xunta deben elixirse 2 representante de persoal docente e investigador funcionario e 1 representante de persoal docente e investigador non funcionario.

<sup>25</sup> Dado que non existe representación de bolseiros na Xunta, ese posto debe corresponder a alumnos de Terceiro ciclo.

do Pleno da Xunta. De non ser así, a proposta de reforma considerarase refugada, e non poderá proporse idéntica reforma ata transcorrido un prazo de dous anos.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Disposición adicional primeira**

O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario, así como do resto do ordenamento xurídico que fose de aplicación.

### **Disposición adicional segunda**

Para o que non estea disposto no presente Regulamento nin nos Estatutos da Universidade, aplicarase o que dispón a Lei de Procedemento Administrativo.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa aprobación polo Pleno da Xunta de Facultade.